



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Orientación profesional	Código	652511217	
Titulación	Mestrado Universitario en Psicopedagogía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	4.5
Idioma				
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Filosofía e Métodos de Investigación en Educación			
Coordinación	Arza Arza, NevesGarcia-Fuentes de la Fuente, Carmen	Correo electrónico	neves.arza@udc.escarmen.garcia-fuentes@udc.es	
Profesorado	Arza Arza, Neves Garcia-Fuentes de la Fuente, Carmen	Correo electrónico	neves.arza@udc.es carmen.garcia-fuentes@udc.es	
Web				
Descrición xeral				

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Planificar programas, proxectos e servizos de intervención para a mellora dos membros da comunidade educativa, aplicables a diferentes contextos e grupo destinatario.
A2	Ser capaz de asesorar centros, profesionais, familias e institucións co fin de axudar a resolver problemas educativos e promover a innovación
A6	Dominar o marco lexistativo que regula o funcionamento das diversas institucións e adoptar un marco teórico de referencia que ampare os criterios de selección dos diferentes instrumentos e estratexias de diagnóstico, intervención e avaliación.
A7	Potenciar a xustiza curricular mediante o uso de estratexias didácticas respectuosas coa diversidade social, cultural e ambiental, analizando criticamente a experiencia histórica de exclusión educativa, e elaborando as adaptacións do currículo que garantan unha perspectiva inclusiva da educación
A12	Comprender a necesidade de incorporar o enfoque de xénero e deseñar propostas de orientación profesional que integren esta dimensión
A13	Ser capaz de deseñar, desenvolver e avaliar procesos de investigación educativa, utilizando os métodos máis apropiados á natureza do problema, á finalidade da investigación e os criterios científicos máis adecuados, con especial énfase nos procesos de investigación na aula
B3	Capacidade de resolución de problemas
B4	Capacidade de aplicar coñecementos na práctica psicopedagóxica
B6	Traballar de forma autónoma e con iniciativa
B10	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B13	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade

Resultados da aprendizaxe
---------------------------



Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Analizar as bases teóricas, conceptuais e legais da orientación profesional e valorar as súas implicacións para a intervención.	AP6		
Caracterizar o desenvolvemento institucional da orientación profesional e analizar a súa situación actual	AP6		
Analizar as funcións sociopolíticas da orientación profesional e reflexionar sobre as posibilidades e características dunha orientación profesional para o cambio que incida nunha práctica non discriminatoria	AP7 AP12		
Planificar e avaliar intervencións aplicables a diferentes contextos e destinatarios	AP1 AP2 AP12	BM4	
Cofecer os distintos ámbitos de aplicación das TICs na orientación profesional e saber utilizalas		BM10	CM3 CM6
Comprender a necesidade de incorporar o enfoque de xénero e deseñar propostas de orientación profesional que integren a dimensión de xénero.	AP7 AP12	BM3 BM6	
Adquirir unha actitude crítica e transformadora ante as problemáticas da orientación profesional	AP7		CM4
Identificar as principais liñas de investigación en orientación profesional e deseñar unha pesquisa neste ámbito	AP13	BM13	CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema. 1. Delimitación conceptual e bases teóricas da Orientación Profesional	1.1 Procesos contextos, persoas destinatarias e denominacións 1.2. Principios de intervención e ideas forza 1.3. Modelos de intervención 1.4. Áreas de intervención
Tema 2. Orientación profesional con enfoque de xénero: finalidades y pautas para su integración.	2.1. A influencia do xénero na toma de decisións académicas e profesionais 2.2. Radiografía das desigualdades de xénero no sistema educativo e no mercado laboral 2.3. Normativa legal e enfoque de xénero na OP: evolución e situación actual. 2.4. Finalidades, obxectivos e contidos da OP con enfoque de xénero. 2.5. Análise e deseño de programas e actividades de OP que incorporan a perspectiva de xénero.
Tema 3. A orientación profesional no sistema educativo	3.1. Desenvolvemento insitucional e situación actual 3.2. Orientación para a transición da escola ó traballo 3.2. Análise e deseño de programas e servizos de orientación profesional
Tema 4. A orientación profesional con persoas desempregadas	4.1. Principais fitos e tendencias no desenvolvemento institucional da da OP no ámbito laboral. 4.2. Colectivos con especiais dificultades de inserción laboral 4.3. Itinerarios personalizados de inserción como metodoloxía de intervención 4.4 A OP no proceso de acreditación de competencias
Tema 5. TIC e Orientación Profesional	5.1. Ámbitos de utilización de Internet e da web 2.0 4.2. Posibilidades de utilización dalgunhas ferramentas da web 2.0 4.3. As competencias dixitais dos profesionais da orientación profesional.
Tema 6. A investigación en Orientación Profesional	6.1. Desenvolvemento institucional e liñas de investigación 6.2. Principais liñas de investigación

**Planificación**



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A1 A6 A7 A12 A13 B3 B4 B6 B10 B13 C8 C6	7	31	38
Análise de fontes documentais	C3 C4	8	14	22
Sesión maxistral	A6	14	0	14
Aprendizaxe colaborativa	A2	3	20	23
Portafolios do alumno	A6 A12	0	15	15
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O alumnado escollerá unha das tres opcións: a) Deseño dunha proposta de interavención no campo da orientación profesional que integre a perspectiva de xénero. b) Selección, almacenaxe e difusión de recursos dixitais para a orientación profesional. c) Análise e deseño de investigacións no campo da orientación profesional.
Análise de fontes documentais	A análise de fontes documentais abrangue distintas temáticas: - Cuestións teóricas sobre a orientación profesional e integración do enfoque de xénero. - Programas de orientación profesional non sexistas. - Investigacións no ámbito da orientación profesional
Sesión maxistral	A súa utilización límitase a presentación dos distintos temas da materia
Aprendizaxe colaborativa	Principio que orienta as actividades grupais.
Portafolios do alumno	Documento no que o alumnado ha de dar conta das aprendizaxes adquiridas

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	É obrigatoria a asistencia a tres titorías grupais

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	A6 A12	Documento de elaboración individual no que se recolle e reflexiona sobre as aprendizaxes adquiridas e sobre o proceso mesmo de aprendizaxe	50
Traballos tutelados	A1 A6 A7 A12 A13 B3 B4 B6 B10 B13 C8 C6	Deseño dunha proposta de orientación profesional que integre o enfoque de xénero Bosquexo dunha pesquisa nunha das liñas de investigación	50

Observacións avaliación



## Requisito para superar a materia

Para superar a materia é imprescindible obter a metade da cualificación outorgada a cada unha das dúas actividades que computan na avaliación

## Avaliación das actividades grupais

A cualificación das actividades grupais vai ser ponderada pra cada membro do grupo cos resultados da autoa-avaliación e co-avaliación.

## Actividades optativas

Coa realización de actividades optativas poden obterse até dous puntos.

## Modalidade de avaliación para as persoas que non podan asistir as aulas

Aquelas persoas que, por razóns debidamente acreditadas non podan ter unha asistencia superior ó 85%, poden acollerse a unha modalidade de avaliación específica. Para poder optar esta modalidade hai que contactar inmediatamente coa profesora para concretar as actividades de avaliación e o seu proceso de supervisión e seguimento.

## FALTA DE INTEGRIDADE ACADÉMICA

### Ausencia de citación de fontes

As citas e referencias a calquera tipo de texto deben declararse, o uso de texto literal ou ideas doutros autores ou autoras parafraseadas sen declarar a fonte supón o suspenso do traballo en aplicación do artigo 14.4 da Normativa académica de avaliacións, cualificacións e reclamacións, aprobada polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2013 , que establece "na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade"

Os contidos incluídos nos traballos deben estar referenciados ao longo do texto e no apartado de referencias usando as normas APA 6ª edición. O texto literal debe declararse usando as normas APA 6ª edición. No parafraseo deben figurar as fontes orixe das ideas que se re-elaboran.

### Plaxio

O plaxio en calquera das actividades da avaliación será motivo de suspenso.



<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Echeverría, Benito (coord) (2008). Orientación profesional. Barcelona: Editorial UOC</li><li>- Cobos, A; Gutiérrez_Crespo,E e Planas, A. (2012). La orientación profesional y la búsqueda de empleo. Experiencias innovadoras y técnicas de intervención que facilitan la inserción laboral.. Barcelona: Editorial Grao</li><li>- Sobrado, L. e Cortés, A (2011). Orientación profesional: nuevos escenarios y perspectivas. Madrid: Biblioteca Nueva</li><li>- Manzanares, A e Sanz C. (2012). Situación actual y desafíos de la orientación: repensando la orientación en el ámbito educativo. Madrid: Walters Kluwer Educacion</li><li>- Izquierdo Rus,T. (Coord.) (2012). Los nuevos retos del mercado laboral: Una perspectiva desde la orientación profesional. Úbeda: Editorial Amarantos</li><li>- Sánchez García, María Fe (2013). Orientación profesional y personal. Madrid: UNED</li></ul> <p>Para cada tema proporcionarase bibliografía e webgrafía específica.</p>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

**Observacións**

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías